

A CULTURA  
É UN DEREITO

\*\*\*\*\*

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS  
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

\*\*\*\*\*

XVII XORNADA

INNOVACIÓN CULTURAL  
E TERRITORIO

E UN DEREITO

2 de novembro de 2023

Pazo de Mariñán, Bergondo

Comisario:  
Fran Quiroga

[www.aculturaeundereito.gal](http://www.aculturaeundereito.gal)



Deputación  
DA CORUÑA

Cada vez máis se reclama a presenza e o valor da cultura en máis campos de acción. Dende o medio ambiente demándase o papel da cultura no referente ás éticas ou valores, ou na saúde a súa inclusión con beneficios terapéuticos. A cultura constrúe imaxinarios e incide nos modos de ollar o mundo. Así cada vez máis existen proxectos emerxentes que transitan entre a innovación social e a cultura. A cultura cada vez expándese máis e xa non se limita só a produción de artefactos (libros, música...) senón que se vindica a importancia do proceso na vontade de unir comunidades ou no impacto na articulación do territorio.

Unha cultura que, polo seu propio modo de ser, continúa innovando e adaptándose aos tempos nos que se sitúa. Os retos aos que nos enfrontamos como sociedade e planeta son complexos, polo que cómpre abrir espazos de debate nos que situar o impacto da cultura como xerador de novos xeitos de estar no mundo. A través da xornada aspiramos a atender posibles escenarios culturais que están emerxendo e que poden ser relevantes no futuro. Dende Innovación cultural e territorio preguntámonos que precisamos para intensificar proxectos culturais onde a sociedade e o medio ambiente estean no centro do proceso.

A xornada enfócase a través dunha sesión na mañá con diferentes propostas prácticas, que ilustran dende a práctica catro grandes bloques de interese: a relación da cultura co medio ambiente, sobre a cultura nas marxes, entre os barrios e as aldeas, da necesidade de tecer comunidade e laboratorios de participación e tamén da potencia das redes como mecanismo vertebrador dos ecosistemas culturais. Pola tarde aspírase a crear un espazo de traballo participativo co que responder á cuestión de como se poden intensificar as potencias e diminuír problemáticas na cultura grazas ao impulso dos dereitos culturais. O obxectivo polo tanto é dobre: atender a proxectos prácticos e inspiradores para logo poder problematizar en común unha posible estratexia para a intensificación do impacto social e ambiental da cultura.

---

**XOVES 28**

# PROGRAMA

---

**9.00 - 9.15 h**

**Benvida e acreditación participantes.**

**9.15 - 9.45 h**

**Presentación da xornada "Innovación cultural e territorio".**

Natividade De Xesús González Rodríguez, Deputada de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís; Fran Quiroga, comisario da xornada.

**9.30 - 10.30 h**

**Mesa Medio ambiente e cultura.**

- *Por unha cultura da liberación.* Por Joam Evans, membro da comunidade do monte veciñal de Froxán e director da Fundación Montescola.
- *Eólicos, territorio e cultura.* Por Rebeca Blanco-Rotea, profesora de arqueoloxía da UMINHO e membro da executiva do Consello da Cultura Galega.

**10.30- 11.30 h**

**Mesa Participación e comunidade.**

- *Cultura do común.* Por María Bella. Doutora en Curatorial Knowledge pola Goldsmiths University (Londres) e membro da Asociación Cultural Unha Gran Burla Negra.
- *A comunidade en danza.* Por Sabela Ramos e Marcia Vázquez. Xestoras culturais e coordinadoras do proxecto Escora Danza.

**11.30 - 12.00 h**

**Pausa / café.**

**12.00 - 13.00h**

**Mesa Do barrio e da aldea.**

- *Memorias de clase e Lgtbiq+.* Por Rexenerando. Cooperativa especializada en facilitación, entre os seus proxectos destacan Ferrol Desviado ou o Laboratorio de Apoderamento Lingüístico.
- *Dereito ao rural.* Por Outonía Coop. Cooperativa especializada en educación e fortalecemento de relacións no rural. Entre os seus proxectos destaca Laboratorio Mutante.

**13.00 - 14.00h**

**Mesa Redes como resposta.**

- *Viva o minifundismo cultural.* Por Mikel Arístegui da Rede Aldear. A rede ten por obxectivo principal promover e integrar cultura nas aldeas.
- *Concomitentes, da New European Bauhaus a Creative Europe.* Natalia Balseiro, xestora cultural.

**14.00 - 16.00 h**

**Xantar.**

**16.00 - 18.00 h**

**Grupo de traballo Dereitos culturais como resposta aos retos actuais.**

- *Os dereitos culturais na práctica.* Por Nicolás Barbieri. Doutor en Ciencia Política e profesor da Universitat Oberta de Catalunya. Imparte docencia no Máster de Xestión Cultural desta universidade.
- *Proposta colectiva para aterrizaxar os dereitos culturais.* Sesión facilitada por Adela Vázquez. Traballa como técnico de I+D na Universidade de Vigo e é experta en mediación patrimonial en comunidades.

---

A asistencia é gratuita e o aforo limitado. A inscrición á xornada debe realizarse a través do formulario habilitado para tal fin no enlace seguinte, aberto dende o 20 de outubro ás 10.00 ata o 31 de outubro ás 16.00.

---